

HISTORIA

A RUTA PERCORRE UN CONXUNTO DE LABORES MINEIROS NUN XACEMENTO QUE ESTABA XA EN EXPLOTACIÓN A PRINCIPIOS DO SÉCULO XX E, DESPOIS DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA, ATA 1950. ALGUNHAS REFERENCIAS SITUAN OS TRABALLOS MÁIS ANTIGOS NO SÉCULO XIX.

Por encontrarse nun contorno de coñecida actividade mineira na época romana e pola proximidade dun castro celta, é posible que estes xacementos fosen coñecidos ou polo menos explorados na devandita época.



Figura 9



Non acceda aos labores mineiros. Especial precaución na contorna de trincheiras, gabias e pozos.

Respecte as propiedades privadas, barreiras, valos e cercados.

Cumpra as indicacións de seguridade.

 **Cámara Oficial Mineira de Galicia**



Co apoio de:
 **XUNTA DE GALICIA**


RUTA das MINAS de arsénico e OURO de BRUÉS (Boborás, Ourense)

 **Minaría Sostible de Galicia**

Figura 11

Non se chegaron a mecanizar significativamente as minas e tan só se pasou de extraer o mineral en carretillas a facelo en vagonetas por raias de ferro. Non quedan restos de instalacións, aínda que houbo unha fábrica de tratamento do mineral para extraer arsénico e algo de ouro.

A explotación realizouse mediante galerías a distintos niveis sobre o mesmo filón, con pozos de comunicación entre elas (Figs. 1 e 2). Fortifícanse con troncos de madeira a parede (estem-ples allintelados) que se cubren con táboas de madeira (latóns) para formar un piso (camada) para o tránsito, escavación e arranque do mineral.



Os traballos mineiros localízanse arredor do contacto entre o granito de dúas micas (moscovita, de cor clara, e biotita, de cor negra) de gran grosor do macizo de Boborás e os xistos, cuarzitas e lousas escuras do grupo de Nogueira (Ordovícico). Na zona de contacto entre o granito e os xistos existen **numerosos filóns de cuarzo**, diques e masas de greisen (rocha composta por cuarzo e abundante moscovita), apilito (similar ao granito, pero de gran mofo) e pegmatita (similar ao granito, pero cun tamaño de gran mofo). Na zona visitable, un **conxunto de filóns de cuarzo de ata 2 metros** de potencia presenta unha mineralización de arsenopirita e ouro. Estes corpos mineralizados encaixan tanto no granito como nos xistos. A orixe da mineralización foron os fluidos hidrotermais de alta temperatura (350 °C a 800 °C), resultado das últimas fases de consolidación do magma granítico e ricos en sílice (que se solidifica como cuarzo) e nos elementos metálicos que forman a mineralización.

Descrición Xeral da XEOLOXÍA e MINARÍA da zona



Dificultade: Baixa
Distancia: 4,5 km.

Esta ruta a pé permite visitar un gran número de labores mineiros, que se desenvolveron entre os anos 1930 e 1950. O interese xeolóxico e mineiro da ruta complementase coa beleza da paisaxe e a posibilidade de visitar a igrexa de **San Pedro de Xurenzás** (s. XIII) e o castro celta da paraxe **Os Castros**.

Desde Brués, localidade do municipio de Boborás situada na N-541 de Pontevedra ao Carballiño, tómanse a estrada que leva a Balboa. A ruta iníciase uns 170 metros antes de chegar á ponte sobre o río Vihao, onde se pode aparcar o vehículo e coller unha senda na que se instalaron paneis informativos no marco do proxecto europeo *Atlas-Terra-Green Mines*.

Figura 7

Descrición de cada PUNTO

1. Saída (42.453695, -8.145791)
2. (42.456509, -8.151141). A 600 metros desde o inicio da ruta, aflora o granito do macizo de Boborás (Fig. 3).



Figura 3

3. (42.456970, -8.151378). 60 metros máis adiante, vese o contacto (Fig. 4) do granito cos xistos e unha masa mal definida de cuarzo leitoso con algunha zona pegmatítica, que encheu unha falla existente no contacto.

4. (42.457394, -8.151469). 45 metros máis adiante, obsérvase que baixo os xistos aflora un paquete, de máis de 2 metros de potencia, de cuarcitas escuras en bancos centimétricos (Fig. 5).

5. Na bifurcación (42.457457, -8.151517), marcada como punto 4, sóbese cara á esquerda.

6. (42.458008, -8.151716). Nesta bifurcación nova cóllese a senda da esquerda e séguese 115 metros por ela ata o final (punto 6), en chaira (era a estreita plataforma de acceso ás minas).

7. (42.457089, -8.151619). Por encima do punto 6 encóntrase a galería G1, á que se accede subindo polos xistos. Esta galería, con dirección ENE-OSO, explora o contacto por falla entre o granito e os xistos. Os pechos están forzados; con todo, non se debe entrar para evitar accidentes.

Descendendo á plataforma, camiñase cara ao norte 45 metros, ata a galería G2 que segue un filón de cuarzo de 45 centímetros de potencia, visible no teito e que encaixa nun granito pegmatítico (Fig. 6). A dirección desta galería é E-O. Desde a boca vense uns 20 metros de longo cunha anchura de 1,5 e unha altura de máis de 6, comunicada coa superficie por un pozo (PA). Desde a boca da mina, pode verse a fortificación de estemples alintelados e, 25 me-



Figura 6



Figura 8

tros máis adiante, chégase á galería G3, de dirección E-O, que segue un filón de cuarzo do que quedan restos nas paredes. A embocadura é de granito pegmatítico.

Seguindo a senda e 15 metros logo de pasar a bifurcación, está a galería G4, a de maior desenvolvemento. Comeza en xistos e segue un filón de cuarzo leitoso de máis de 1,5 metros de potencia que se ve na parte esquerda da boca da mina, cunha dirección ENE-OSO. Pola parte exterior, a 23 metros da entrada, hai un pozo (PC) que comunica coa galería. No nivel de entrada, obsérvase unha fortificación con estemples alintelados (Fig. 7) e, 65 metros máis adiante por esta senda, chégase á galería G5. Nas paredes vense restos de cuarzo e de greisen, en contacto cos xistos da embocadura, cunha dirección aproximada E-O.

A galería G6 localízase ao final da senda cara ao norte, a 32 metros da galería G5. Segue case a dirección E-O dun filón de cuarzo do que quedan restos nas paredes. No seu interior vese a súa forma en V invertida (Fig. 8). A senda termina aquí, cunha excelente vista ao val do río Viñao.

8. (42.457946, -8.151802). Desfáise o camiño ata o punto 4 e báixase en dirección ao río. A 60 metros chégase ao punto 8 onde afloran xistos (Fig. 9). Presentan vetas centimétricas de cuarzo e de pegmatita.

9. (42.458475, -8.151564). Continuamos 40 metros para diante (punto 9) e aparece, 12 metros á esquerda, un gran bloque de xistos granitiza-



Figura 10

dos (migmatitas), detrás do cal hai un pozo (PB) de sección cadrada (1 x 1 metros) escavado en xistos (Fig. 14). Este comunica coa galería G7 que ten a embocadura xusto no bordo do camiño, cruzándoo por debaixo co seu teito fortificado cunha lousa de 50 centímetros de grosor. Por esta galería adoita saír auga.

10. (42.459176, -8.1512875). Seguindo o camiño, a 50 metros, encóntrase a galería G8 e, 19 máis adiante, a galería G9 (Fig. 10). Seguían filóns de cuarzo de dirección ENE-OSO, que encaixan en xistos alterados e dos que se ven restos nas paredes (con algo de greisen na G9). Como a G7, son galerías de desaugadoiro, ademais de cumprir a función de túneles de entrada e de extracción.

Desde a galería G9, o punto 10, a senda continúa en condicións regulares entre a canle de rega e o río Viñao, cara ao norte. Tras pasar por unha pequena gruta natural en xistos, alcázanse os restos dun dique. Esta presa puido ter relación coas minas ou cos muíños existentes augas abaixo.

11. (42.455958, -8.149737). Desde aquí vólvese ao punto 10 para tomar o sendeiro que segue a canle de rega bordeando o río, o que permite gozar do rumor da auga e da vexetación de ribeira. Neste percorrido pásase por tres muíños e, máis adiante, por outro.

12. Sector de Balboa (43.202326, -8.435134). Chegados á estrada de Brués a Balboa, moi cerca da ponte, percórrese por ela uns 850 metros, ata chegar a unha canteiriña de «xabre» (granito arenizado), que aparece á dereita da estrada, pasado Balboa. Abandónase a estrada e descéndese un pouco para tomar a senda que segue unha canle con bastante maleza, percorréndoa para ver as trincheiras T1, T2 e T3 e as galerías G10 e G11, situadas en xistos. A súa existencia confirma a ampla actividade mineira en ambas as abas do río Viñao nesta zona.

13. Final de percorrido (42.460007, -8.151616). Desde as súas inmediacións tense unha vista excelente da aba oposta (Fig. 12), especialmente dos labores G1 a G6, e regrésase ao punto de partida.



Figura 12



Figura 4



Figura 5